

# **CAMPO DE CONCENTRACIÓN AZUCREIRA DE IRIA FLAVIA**

LUCÍA RODRÍGUEZ LEMA  
LUCÍA GONZÁLEZ ARIZA  
MARÍA CELIA CORRAL NOGUERA  
4ºESO - A, 4ºESO - B

Iria Flavia foi un importante foco industrial e comercial grazas á súa condición de porto interior de Padrón e á Azucreira, fundada o 29 de novembro de 1899. Esta chegou a albergar entre 1936 e 1940 un campo de concentración do réxime franquista. A súa capacidade recoñecida era de 1700 prisioneiros, e por el pasaron 3000. Houbo dous momentos de especial masificación: con motivo da caída de Asturias, chegaron numerosos presos da comunidade; e en 1939, centos de cataláns foron enviados ao campo de concentración tras a derrota de Barcelona. Ademais, había numerosos presos galegos, principalmente procedentes de comarcas compostelás.

Padrón foi un punto estratéxico durante a Guerra Civil, xa que levaban en trens ata esta localidade aos presos capturados no fronte, para ser posteriormente enviados a outras zonas de Galicia. Tamén por ser un lugar ben comunicado, onde se puidese controlar o maior número de persoas co menor coste: para chegar podía ir en ferrocarril directamente, ou en barco ata Vilagarcía e alí coller un tren ata Padrón.

Nas memorias inéditas de Camilo Agrasar reflíctense importantes datos sobre o tratamento que recibían os prisioneiros, afirmando “disque mallaban en eles coma no centeo. Por calqueira cousa zorregábanlle de firme. [...] Uns cantos quedan soterrados no camposanto de Iria, após o ouso. ¡Meus Pobres!”. Tamén deixa constancia da solidariedade dos veciños, que agasallaban aos presos con pan, tabaco ou diñeiro, aínda que os cartos e os alimentos eran escasos na época.

Outra testemuña do que ocorreu no campo é o prisioneiro madrileño Guillermo Garcimartí, que no seu poema “En desagravio a Padrón, Rosalía”, preséntase a si mesmo como “uno de sus ocupantes desdichados, puesto que este campo fue el más cruel e inhumano de toda Galicia. Su jefe no era gallego, por eso le importó poco manchar el nombre y la tierra que pisaba”.

Os falecidos no campo de concentración eran enterrados no cemiterio de Iria Flavia ao lado dun olivo, que, contraditoriamente, simboliza paz, prosperidade e vitoria. Ao finalizar a guerra, enviáronse cartas aos seus familiares para que se fixesen cargo dos corpos; pero como non obtiveron resposta, foron enviados ao osario común.

Xesús Costa e Xesús Santos, dous mestres de Rianxo, invesigaron durante tres anos para recuperar a historia do campo de concentración de Iria Flavia, e recolleron información de documentos municipais e doutras institucións, así como entrevistas aos veciños e prisioneiros, no libro *Galiza na Guerra Civil. Campos de concentración de Muros, Padrón, a Pobra e Rianxo*.

Moita xente pasou un inferno neste campo, e por iso non deberíamos olvidar que a nosa Galicia tamén tivo o seu lado escuro en tempos de loita.